

Mulleres que fixeron historia

E VIVIRON NA RESERVA DA BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Concello de



Oleiros



Miembro



Programa sobre o Homem
e a Biosfera



CEIDA

CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA

Contido

3

Introdución

4

Juana de Vega

6

Fanny Garrido

8

Emilia Pardo Bazán

10

María Casares

12

María Wonenburguer

14

Luísa Villalta





Introdución

Os 17 concellos que forman a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas son testemuña de historias de talento, valentía e creatividade feminina e por iso nesta revista presentamos seis figuras excepcionais dos séculos XIX e XX. Desde escritoras e poetas ata científicas e actrices internacionais, estas mulleres deixaron pegada na cultura, na ciencia e na sociedade, lembrándonos que a súa forza e compromiso transcenden calquera época e fronteira.

Cada unha delas representa unha maneira diferente de mirar o mundo, de transformar a realidade e de deixar un legado que segue vivo hoxe. **Descubre, aprende e inspírate con estas mulleres da Reserva de Biosfera.**

- **Emilia Pardo Bazán**, escritora pioneira do naturalismo e defensora da educación das mulleres.
- **Juana de Vega**, filántropa e referente liberal do século XIX.
- **Fanny Garrido**, escritora e promotora cultural, creou pontes coa literatura europea.
- **María Casares**, actriz universal, levou a súa voz traxédica desde Galicia a París.
- **María Wonenburger**, matemática de renome internacional, recoñecida polas súas aportacións á alxebra.



Juana de Vega



FILÁNTROPA · LIBERAL · REFERENTE SOCIAL

Nada en A Coruña (1805–1872), **Juana de Vega** foi unha muller adiantada ao seu tempo. Puxo a súa vida e fortuna ao servizo do progreso e deixou pegada neste territorio.

Fundou escolas, hospitais e institucións benéficas e, crendo próxima a hora da súa morte, no 1869 legalizou o seu testamento deixando case todos os seus bens para a creación da **Fundación Juana de Vega**. Con sede en Oleiros, esta institución sigue activa hoxe en día e dedícase á investigación agrícola, educación e acción social.

Compromiso e valentía

- Apoiou a causa liberal contra o absolutismo, sufrindo persecución e desterro.

- Educou ás fillas da raíña Isabel II cando foi nomeada camareira maior da raíña gobernadora María Cristina.
- Defendeu a educación das mulleres e promoveu valores de liberdade e progreso.

Relación coa Reserva de Biosfera

A figura de Juana de Vega está intimamente ligada a ela xa que viviu e desenvolveu a súa obra filantrópica e agrícola no territorio, especialmente en San Pedro de Nós (Oleiros).

Impulsou a modernización agraria, a educación rural e a mellora do campo galego, valores que coinciden cos principios actuais das Reservas de Biosfera: sostibilidade, desenvolvemento rural e respecto pola natureza.

Nada é máis
necesario
que instruír
ás mulleres,
porque delas
depende a
educación da
sociedade.



Fanny Garrido

ESCRITORA • TRADUTORA • MECENAS CULTURAL

Francisca González-Garrido y García (1842–1917), coñecida como Fanny Garrido, foi unha muller que fixo desta comarca unha xanela aberta á modernidade cultural do seu tempo grazas á súa educación e ao coñecemento adquirido tras viaxar por Centroeuropa e pasar longas estancias en países como Alemania, Italia ou Francia.

Nada na Coruña, nunha familia acomodada, formouse en varios idiomas e foi unha das primeiras escritoras galegas en lingua castelá. Figura clave da vida cultural coruñesa do século XIX, destacou tamén como tradutora ao castelán do poeta alemán Heinrich Heine e do novelista J. W. von Goethe.

Baixo o pseudónimo de **Eulalia de Liáns** (en homenaxe á igrexa de mesmo nome que hai en Oleiros) foi bastante coñecida localmente e traballou nas súas novelas e artigos de prensa temas sociais que lle preocupaban, como a

situación agrícola ou as condicións de vida da infancia.

Como membro activo da sociedade burguesa da época, foi vocal do Consello Superior de Protección á Infancia, vicepresidenta do Centro Iberoamericano de Cultura Popular Feminina e socia fundadora da sociedade de Folk-Lore Gallego, cuxa presidenta e promotora foi Emilia Pardo Bazán, amiga e colaboradora noutros proxectos literarios.

Curiosidades

- En 1905 foi nomeada académica correspondente da Academia Gallega.
- Desenvolveu a súa vida en estadias entre Madrid, A Coruña e o Pazo de Lóngora (Oleiros), sede actual do Instituto Universitario de Medio Ambiente (UDC) e do Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga.

*“As anduriñas voando
pouco á pouco fóranse indo,
e despois foran tornando,
e se me deixaron rindo
atopáronme chorando”*

FANNY GARRIDO

Pardo Bazán

Emilia



GALEGA UNIVERSAL · PIONEIRA

Nada na Coruña (1851–1921), **Emilia Pardo Bazán** foi unha das mulleres máis brillantes e valentes do século XIX. Autora prolífica (novelas, ensaios, artigos, ...), introduciu en España o **naturalismo literario** con obras como *Los pazos de Ulloa* e *La madre naturaleza*.

Tamén foi unha gran viaxeira. Visitou Francia, Italia, Inglaterra e Alemaña, o que lle permitiu coñecer movementos culturais e científicos europeos de primeira man.

Unha vida chea de letras

- Publicou 36 novelas, 18 libros de contos, 18 ensaios, 8 libros de viaxes, 7 obras de teatro, 4 biografías, 1 poemario e preto de 2000 artigos de prensa.
- Escribiu dende nena. Aos 9 anos xa facía versos e aos 15 publicou o seu primeiro conto.

Loitadora pola igualdade

Defendía que as mulleres tiñan dereito a

unha educación real, non a unha simple “doma” para ser obedientes. Pardo Bazán foi pioneira en diversos ámbitos: foi a primeira catedrática de Literatura Contemporánea en España, a primeira socia do Ateneo de Madrid e a primeira muller en dirixir unha revista literaria en España. Chamábase *Nuevo Teatro Crítico* e nela escribía case todos os artigos ela soa, baixo distintos pseudónimos. Só por ser muller, a súa candidatura para ser nomeada académica da Real Academia Española foi rexeitada varias veces.

Forte ligazón coa Reserva de Biosfera

En *Los Pazos de Ulloa* e noutras novelas recolleu o ambiente dos pazos rurais galegos, a vida campesiña, os montes e ríos. O entorno da Reserva encaixa perfectamente coa súa visión crítica do contraste entre o mundo rural galego e a aristocracia, un dos grandes temas da súa obra. Ademáis, o pazo de Meirás, en Sada, pertenceu a súa familia e foi a súa residencia e refuxio literario.

“Esto de mi candidatura parece una cuestión literaria, pero algo tiene de social: afecta a la condición de la mujer. [...] he sido, en los treinta y pico de años de mi carrera literaria, el más atacado y combatido de los escritores españoles. Todo se me ha regateado con avaricia; he ido conquistando el terreno palmo a palmo. [...] aplicaban lentes ahumados al estudio de mi carácter, y hasta mi físico, que nada tiene que ver, supongo, con las letras.”

“Cartas de la Condesa”, Diario de la Marina, La Habana, 28 de abril de 1912

María Casares

ACTRIZ · EXILIADA · REFERENTE SOCIAL

Nada na Coruña, **María Casares** (1922–1996) é unha das actrices máis recoñecidas do século XX en Europa. Levou a súa forza interpretativa desde Galicia ata os grandes escenarios europeos.

Filla de Santiago Casares Quiroga, político republicano, marchou ao exilio en Francia tras a Guerra Civil. Alí fixo carreira e converteuse en estrela do teatro e do cinema francés.

Vida no exilio

En 1936, coa chegada da ditadura, viuse obrigada a abandonar Galicia cando apenas tiña catorce anos. Refuxiouse en París, onde iniciou unha nova etapa da súa vida e estudou interpretación no Conservatorio, formándose como actriz. O seu acento galego fixo que ao comezo a rexeitasen, pero acabou sendo a gran dama da **Comédie Française**.

Traxectoria artística

Traballou con recoñecidos directores como Jean Cocteau, Jean Genet e Robert Bresson, colaborando en proxectos que marcaron unha época no cinema e teatro francés, e destacou en películas emblemáticas como *Orphée* (1949) e *Les enfants du paradis* (1945). Co paso

do tempo, gañou o recoñecemento do público e da crítica, que a definiron como “a voz traxédica do teatro francés”, pola intensidade e a paixón que imprimía en cada papel.

Relación coa Reserva de Biosfera

- A súa infancia transcorreu na Coruña, moi ligada á natureza e á súa terra.
- Aínda que viviu no exilio, sempre reivindicou as súas raíces galegas.
- Os Casares Quiroga tiñan propiedades e relacións na contorna, e a súa memoria está moi presente na cultura da bisbarra.



Sabías que...

... o apelido Casares tentou ser borrado por José María Arellano no franquismo porque o seu pai fora dirixente Republicano? “El nombre de Casares será borrado de todos los registros. Siendo indigno de figurar en el Registro Oficial de Nacimientos”.

Con todo, María conseguiu dignificalo, mantelo e darlle fama mundial.

María



Wonenburguer

MATEMÁTICA · PIONEIRA · REFERENTE INTERNACIONAL

Nada en Montrove (Oleiros), **María Josefa Wonenburger Planells** (1927–2014) foi unha das matemáticas máis destacadas do século XX. A súa obra en álgebra e teoría de grupos deixou unha pegada profunda na ciencia mundial, aínda que a súa figura permaneceu esquecida en Galicia durante moitos anos.

Traxectoria científica

Wonenburger foi pioneira e referente internacional no seu ámbito. Converteuse na primeira muller española en recibir unha bolsa Fulbright para realizar estudos de doutoramento nos Estados Unidos, un logro excepcional para a súa época.

Experta mundial na teoría de grupos, o seu traballo tivo unha fonda influencia na teoría

das álxebras de Kac–Moody, un campo esencial tanto para as matemáticas modernas como para a física teórica.

Ao longo da súa carreira, dirixiu oito teses de doutoramento e exerceu como profesora en diversas universidades dos Estados Unidos e do Canadá, onde formou parte dunha xeración de científicas que abriron camiño para as mulleres na investigación matemática.

Relación coa Reserva de Biosfera

- Naceu e pasou a súa infancia en Montrove (Oleiros) e a súa familia era propietaria da Fundación Wonenburger.
- A súa vinculación coa comarca foi sempre profunda, e a súa memoria está presente en espazos e recoñecementos locais.



Monolito no Paseo das Ciencias
(Parque de Santa Margarida, A Coruña)

Luísa Villalta



POETA · DOCENTE · ACTIVISTA CULTURAL

Nada na Coruña, **Luísa Villalta** (1957–2004) foi unha das voces máis singulares da poesía galega contemporánea. A súa obra, densa e conceptual, mesturaba linguaxe poética e reflexión filosófica, e tiña unha forte conexión coa cidade da Coruña, especialmente co barrio do Papagaio, que retratou en poemas como “*Prisioneiros sen presa*”. Foi unha muller que usou a palabra para transformar a realidade, deixando unha pegada indeleble na cultura galega e na memoria do territorio.

Compromiso e creatividade

Licenciada en Filoloxía Hispánica e en Filoloxía Galego-Portuguesa, Villalta tamén foi **violinista profesional**. No IES Isaac Díaz Pardo de Sada desenvolveu a súa paixón pola literatura e pola cultura galega e participou activamente en diversos movementos

culturais e feministas, colaborando con destacadas publicacións galegas como *A Nosa Terra*, *Grial* e *Festa da Palabra Silenciada*. A súa traxectoria reflicte un compromiso firme coa difusión da cultura galega, a promoción da igualdade de xénero e a defensa da creación literaria como ferramenta de transformación social.

Relación coa Reserva de Biosfera

- A súa obra reflicte a realidade urbana e social da Coruña, especialmente do barrio do Papagaio.
- Foi mestra nun instituto de Sada.
- A súa poesía serviu para visibilizar realidades sociais como a prostitución e a exclusión, facendo da súa voz un eco de compromiso e denuncia.

“ Onde nós nunca pasan os trens
Só chegan ou parten
Por iso tamén somos nós
a nosa última estación
o noso amor definitivo ”

No libro *En concreto* (2004), aparece o poema titulado “Estación”, no que fala da Coruña como fin de traxecto.

